



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 27 DE ABRIL DO 2023.**

**Sesión 05/2023-P**

<p style="text-align: center;"><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p style="text-align: center;"><b><u>PRESIDENTE</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa (non adscrita)</p> <p style="text-align: center;"><b><u>CONCELLEIROS</u></b></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM) D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira (SM) D<sup>a</sup> Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luísa Rúa Prieto (SM) D<sup>a</sup> María Pardo Fafián (PSOE) D<sup>a</sup> Laura Rodríguez Pena (BNG) D<sup>a</sup> Sara Arrojo Dueñas (BNG) D<sup>a</sup> María José García Freire (non adscrita) D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral (non adscrita) D. José Luis Tellado Villares (non adscrito) (abandona a sesión ás 21:47 horas, con escusa) D. José Luis García Pazos (non adscrito) D. Sergio García López (non adscrito) D. Ramiro Blanco Montero (non adscrito) D. Breogán Blanco González (non adscrito)</p> <p style="text-align: center;"><b><u>SECRETARIA</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 27 de abril do 2023, baixo a presidencia da sra. alcaldesa D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa, asistida pola secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnense os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
---	--

**ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión a Presidenta, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de abril do 2023 do Concello de Sada.

**1º.- DACIÓN DE CONTA DE CONCELLEIRO NON ADSCRITO E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.**

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na) dá lectura ao escrito do 18 de abril do 2023 presentado polo concelleiro D. Sergio García López, antes voceiro do grupo municipal do PP, polo que pon de manifesto para os efectos da dita data a súa vontade de abandonar o grupo municipal aceptando o paso á condición de non adscrito, así como a súa vontade de terse por representado pola concelleira D<sup>a</sup> María José García Freire nas comisións informativas e demais órganos colexiados.



Intervén a sra. Rodríguez Pena (BNG) facendo unha valoración, e tamén sucintamente o sr. García López por alusións e máis a presidenta.

## 2º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 09/23, CRÉDITO EXTRAORDINARIO 01/23: CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 20 de abril do 2023, que recolle:

«Primeiro.- Aprobar dentro do expediente de modificación de créditos 08/23, o suplemento de crédito 01/23 financiado con cargo a novos ingresos derivados do establecemento do prezo público polas actividades e servizos no centro deportivo municipal de Sada, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións e conceptos que se detallan a continuación por un importe global de 182.227,62 €:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
342.13000	Instalacións deportivas. Persoal laboral	62,392.71
342.16000	Instalacións deportivas. Seguridade Social	21,275.91
342.22110	Instalacións deportivas. Produtos de limpeza	6,788.00
342.22100	Instalacións deportivas. Electricidade	31,440.00
342.22101	Instalacións deportivas. Auga	5,582.00
342.22103	Instalacións deportivas. Combustibles	21,079.00
342.22104	Instalacións deportivas. Vestiario	4,287.00
342.22199	Instalacións deportivas. Outras subministracións	11,698.00
342.22200	Instalacións deportivas. Comunicacións	643.00
342.22400	Instalacións deportivas. Seguros	7,250.00
342.22602	Instalacións deportivas. Publicidade	2,160.00
342.22799	Instalacións deportivas. Outros servizos	7,632.00
TOTAL		182,227,62

Estado de ingresos

Subconceto	Denominación	Importe
34301	Prezo público centro deportivo municipal	182,227.62
TOTAL		182,227.62

Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor».

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG), quen anuncia que hanse abster; da sra. Pardo Fafián (PSOE); do sr. Portela Fernández (SM), quen anuncia a abstención do seu grupo; da sra. García Freire (na); do sr. Blanco González (na), concelleiro delegado de Deporte, Voluntariado e Cohesión Social; da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na) e novamente do sr. Portela, da sra. Nogareda e do sr. Blanco.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (1 PSOE e 8 non adscritos).



- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 8 (6 SM e 2 BNG).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar dentro do expediente de modificación de créditos 08/23, o suplemento de crédito 01/23 financiado con cargo a novos ingresos derivados do establecemento do prezo público polas actividades e servizos no centro deportivo municipal de Sada, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións e conceptos que se detallan a continuación por un importe global de 182.227,62 €:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
342.13000	Instalacións deportivas. Persoal laboral	62,392.71
342.16000	Instalacións deportivas. Seguridade Social	21,275.91
342.22110	Instalacións deportivas. Produtos de limpeza	6,788.00
342.22100	Instalacións deportivas. Electricidade	31,440.00
342.22101	Instalacións deportivas. Auga	5,582.00
342.22103	Instalacións deportivas. Combustibles	21,079.00
342.22104	Instalacións deportivas. Vestiario	4,287.00
342.22199	Instalacións deportivas. Outras subministracións	11,698.00
342.22200	Instalacións deportivas. Comunicacións	643.00
342.22400	Instalacións deportivas. Seguros	7,250.00
342.22602	Instalacións deportivas. Publicidade	2,160.00
342.22799	Instalacións deportivas. Outros servizos	7,632.00
<b>TOTAL</b>		<b>182.227,62</b>

Estado de ingresos

Subconceito	Denominación	Importe
34301	Prezo público centro deportivo municipal	182,227.62
<b>TOTAL</b>		<b>182,227.62</b>

Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.



### **3º.- MODIFICACIÓN DO POSTO DE TRABALLO CO CÓDIGO DA RPT 090002, DENOMINADO TAX DE URBANISMO, MEDIO AMBIENTE E POLICÍA URBANA.**

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 20 de abril do 2023, que recolle:

«1º.- *Aprobar inicialmente a transformación do posto de traballo denominado Técnico de administración xeral de urbanismo, co código 090002, en Técnico de administración xeral de secretaría, co código 010015, pasando a ter a mesma retribución e ficha da RPT que o TAX de secretaría, co código 010002, salvo no referido ás funcións e características ou funcións máis destacables que terá as seguintes equivalentes:*

- *Funcións: Tarefas de xestión, estudio e proposta de carácter administrativo de nivel superior en materia de urbanismo e dos expedientes tramitados na oficina técnica, e en relación con todos os asuntos e materias de que coñece a Secretaría municipal e que lle sexan encomendados por esta en función da dispoñibilidade do servizo. Coordinación baixo a dependencia da secretaría municipal e do arquitecto dos servizos administrativos da oficina técnica.*

- *Características ou funcións máis destacables: coordinación da tramitación administrativa dos expedientes urbanísticos, emisión de todos os informes informes xurídicos en materia de urbanismo e da oficina técnica. Tramitación administrativa dos expedientes ou materias encomendados pola secretaría. Apoio ao Secretario Xeral e substitución do mesmo cando proceda, como Secretario accidental.*

2º.- *Someter o expediente a información pública por prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións, suxestións e alegacións. Transcorrido o dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxesen reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a presente modificación deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas, que deberá publicarse integramente o anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia e remitir copia aos órganos competentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma».*

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG), quen anuncia que en principio non apoiarán esta modificación; da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. Taibo Fernández (SM), quen anuncia o voto en contra do seu grupo; da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na); do sr. Portela Fernández (SM); novamente as sras. Pardo, Nogareda e Taibo.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (1 PSOE e 8 non adscritos).
- Votos en contra: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1º.- *Aprobar inicialmente a transformación do posto de traballo denominado Técnico de administración xeral de urbanismo, co código 090002, en Técnico de administración xeral de secretaría, co código 010015, pasando a ter a mesma retribución e ficha da RPT que o TAX de secretaría, co código 010002, salvo no referido ás funcións e características ou funcións máis destacables que terá as seguintes equivalentes:*

- *Funcións: Tarefas de xestión, estudio e proposta de carácter administrativo de nivel superior en materia de urbanismo e dos expedientes tramitados na oficina técnica, e en relación con todos os asuntos e materias de que coñece a Secretaría municipal e que lle sexan encomendados por esta en función da dispoñibilidade do servizo. Coordinación baixo a dependencia da secretaría municipal e do arquitecto dos servizos administrativos da oficina técnica.*

- *Características ou funcións máis destacables: coordinación da tramitación administrativa dos expedientes urbanísticos, emisión de todos os informes informes xurídicos en materia de urbanismo e da oficina técnica. Tramitación administrativa dos expedientes ou materias encomendados pola secretaría. Apoio ao Secretario Xeral e substitución do mesmo cando proceda, como Secretario accidental.*

2º.- *Someter o expediente a información pública por prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións, suxestións e alegacións. Transcorrido o dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxesen reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a presente*



modificación deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas, que deberá publicarse integramente o anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia e remitir copia aos órganos competentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

#### **4º.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA CONCELLEIRA LAURA RODRÍGUEZ PENA CONTRA ACORDOS DO PLENO DA CORPORACIÓN ADOPTADOS O 29 DE DECEMBRO DO 2022.**

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 20 de abril do 2023, que recolle:

*«Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición interposto contra os acordos plenarios do 29.12.2022 de modificación do réxime da retribución da concellaría delegada de Facenda, contratación e seguridade cidadá e recoñecemento de compatibilidade á concelleira delegada D<sup>a</sup> María Pardo Fafián para o exercicio do seu cargo municipal en réxime de dedicación parcial con actividades públicas e probación definitiva da RPT, presentado o 28.01.2023 pola concelleira Laura Rodriguez Pena, en base aos argumentos sinalados no informe xurídico de secretaría transcrito.*

*Segundo.- Notificar o presente Acordo ao interesado».*

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); do sr. Portela Fernández (SM); da sra. Pardo Fafián (PSOE); do sr. Fariña Andrade (SM), anunciando o voto en contra da desestimación polo seu grupo; novamente da sra. Nogareda.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (1 PSOE e 8 non adscritos).
- Votos en contra: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

*Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición interposto contra os acordos plenarios do 29.12.2022 de modificación do réxime da retribución da concellaría delegada de Facenda, contratación e seguridade cidadá e recoñecemento de compatibilidade á concelleira delegada D<sup>a</sup> María Pardo Fafián para o exercicio do seu cargo municipal en réxime de dedicación parcial con actividades públicas, presentado o 28.01.2023 pola concelleira Laura Rodriguez Pena, coa base dos argumentos sinalados no informe xurídico de secretaría transcrito.*

*Segundo.- Notificar o presente Acordo ao interesado.*

#### **5º.- APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO CORRIXIDO DENOMINADO CAMPO DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO RECINTO DEPORTIVO MUNICIPAL DE CARNOEDO, INCLuíDO NO POS+ 2023.**

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 20 de abril do 2023, que recolle:

*«1º.- Aprobar o proxecto técnico subsanado e asinado en data 29-3-23, denominado Campo fútbol de céspede artificial no recinto deportivo municipal de Carnoedo, no que se recollen os cambios derivados da subsanación efectuada, redactado polos Enxeñeiros Julio Calderón Carrero e David Meijide Rodríguez, de Calderon&Asociados SL Ingeniería Medio Ambiental, cun orzamento total de 508.199,98 € (Base imponible: 419.999,98 €, IVE: 88.200,00 €)*

*2º.- Dar traslado do presente acordo á Excm. Deputación provincial».*

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE) e do sr. Fariña Andrade (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 1 PSOE, 2 BNG e 8 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.



- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar o proxecto técnico subsanado e asinado en data 29-3-23, denominado Campo fútbol de céspede artificial no recinto deportivo municipal de Carnoedo, no que se recollen os cambios derivados da subsanación efectuada, redactado polos Enxeñeiros Julio Calderón Carrero e David Meijide Rodríguez, de Calderon&Asociados SL Ingeniería Medio Ambiental, cun orzamento total de 508.199,98 € (Base imponible: 419.999,98 €, IVE: 88.200,00 €).

2º.- Dar traslado do presente acordo á Excm. Deputación provincial.

**6º.- APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO EMENDADO DA OBRA INCLUÍDA NO POS+ 2023 DE SUBSTITUCIÓN DE REDES PRINCIPAIS E AS SÚAS ACOMETIDAS, INSTALACIÓN DE NOVOS SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NA PRACIÑA DA MARIÑA, NA RÚA DE ORIENTE E NA RÚA DO SOL, EN SADA (A CORUÑA).- COMPLEMENTARIO.**

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 20 de abril do 2023, que recolle:

«1º.- *Aprobar o proxecto técnico emendado subsanado e asinado en data 14-4-23, denominado Substitución de redes principais e as súas acometidas, instalación de novos servizos e pavimentacións na: Praciña da Mariña, Rúa Oriente e Rúa do sol, en Sada (A Coruña), no que se recollen os cambios derivados da subsanación efectuada, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Alejandro Peña López, de L2 Ingeniería SL, cun orzamento total de 201.436,65 € (Base imponible: 166.476,57 €, IVE: 34.960,08 €).*

2º.- *Dar traslado do presente acordo á Excm. Deputación provincial».*

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE) e do sr. Fariña Andrade (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 1 PSOE, 2 BNG e 8 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar o proxecto técnico emendado subsanado e asinado en data 14-4-23, denominado Substitución de redes principais e as súas acometidas, instalación de novos servizos e pavimentacións na: Praciña da Mariña, Rúa Oriente e Rúa do sol, en Sada (A Coruña), no que se recollen os cambios derivados da subsanación efectuada, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Alejandro Peña López, de L2 Ingeniería SL, cun orzamento total de 201.436,65 € (Base imponible: 166.476,57 €, IVE: 34.960,08 €).

2º.- Dar traslado do presente acordo á Excm. Deputación provincial.

**7º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.**

**A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 27 de marzo do 2023 (núm. 555) ata o 21 de abril do 2023 (núm. 732).**

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 27 de marzo (núm. 555, do expediente 2022/G003/000571) ata o 21 de abril do 2023 (núm. 732, do expediente 2023/G003/000758), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

Logo de contestar ao sr. Portela Fernández sobre o estado no que se atopa unha proposta de declaración institucional sobre o Monte do Gato, a presidenta, sra. Nogareda Marzoa (SM), facendo alusión a unhas



declaracións que fixera para os efectos, procede a dar conta con relación á estrada de *Sada y sus Contornos*, abríndose un longo debate en especial co sr. Portela Fernández (SM) e no que intervéñ tamén o sr. Fariña Andrade (SM).

### **B. Mocións.**

Non se presentaron.

### **C. Rogos e preguntas.**

O sr. Tellado Villares (na), concelleiro delegado de Cultura, Comercio e Turismo, contesta a unha pregunta formulada con anterioridade polo grupo municipal do BNG relativa á exención da taxa municipal na feira do comercio. Intervén para os efectos a sra. Rodríguez Pena (BNG).

Seguidamente, escusado, o sr. Tellado abandona a sesión, cando son as 21:47 horas.

A sra. Rodríguez Pena (BNG) pregunta con relación á piscina municipal se se han manter ou recortar os servizos ofrecidos ata o de agora nas instalacións, como a sauna ou o jacuzzi (bañeira de hidromasaxe). Contesta o sr. Blanco González, concelleiro delegado de Deporte, Voluntariado e Cohesión Social.

O sr. Fariña Andrade (SM) pregunta ao sr. García Pazos (na), concelleiro delegado de Obras e Mantemento, en relación coa seguridade viaria, pola recente retirada do valo vexetal da avenida da Mariña. Contesta o sr. García.

O sr. Fariña Andrade (SM) roga á presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na), que se lles facilite sen máis demora a documentación á que solicitaron ter acceso o pasado 16 de marzo relativa ao pagamento que esta afirmara no pasado mes de marzo que se realizaba con cartos públicos das súas intervencións nunha cadea de radio.

O sr. Portela Fernández pregunta se houbo algún adianto con relación á urbanización de Riovao, 62B. Contesta a presidenta, sra. Nogareda.

O sr. Portela Fernández (SM) fai os seguintes rogos:

1º.- Roga á sra. Salorio Porral (na), concelleira delegada de Servizos Sociais, Saúde e Infraestruturas, que se proceda ao chamamento pola correspondente relación da bolsa vixente de traballadoras e traballadores sociais para cubrir en concreto unha vacante existente. Contesta a sra. Salorio e máis a presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na).

2º.- Roga á presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na), que non faga coma na radio afirmacións no Pleno que non sexan exactas, xa que malia a que recoñece que houbo un atraso na diagnose do problema estrutural da piscina non se foi lento na licitación nin se estivo a agardar por unha modificación de crédito para incorporar remanente para o IVE porque os cartos sobran con respecto da adxudicación, dun prezo menor que o préstamo do Instituto da Vivenda e Solo. Intervén a presidenta, sra. Nogareda, quen debate amplamente co sr. Portela.

O sr. Fariña Andrade (SM) diríxese á presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na), para lle dicir que hai dous meses lle fixera unha pregunta que aínda non lle respondeu (con relación á depuradora). Contesta a sra. Nogareda.

A sra. Mouriño Neira (SM) formula tres preguntas:

1ª.- Pregunta ao sr. Blanco González (na), concelleiro delegado de Deporte, Voluntariado e Cohesión Social, polas condicións ou procedemento de contratación do persoal da piscina municipal. Contestan o sr. Blanco e a presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na).

2ª.- Dirixida ao sr. Tellado Villares (na), concelleiro delegado de Cultura, Comercio e Turismo, quen xa non está por se ter ausentado por motivos de traballo, pregunta se é consciente de que quedan máis eventos o resto do ano (que exemplifica cunha relación para os efectos) distintos dos do Nadal, do Entroido e do próximo concerto que se vai facer no Concello, dos que expón as contías da súa realización.



3ª.- Pregunta se se lle podería dar unha explicación sobre as horas nas que se atopan pechadas a Biblioteca e máis a Casa da Cultura Municipais. Responde parcialmente a presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na), quen se remite a unha máis ampla explicación que poida dar o concelleiro delegado de Cultura. A resultas da contestación, o sr. Portela Fernández (SM) pregunta á sra. Nogareda cal foi a multa que pagou á SGAE. A sra. Nogareda fai aclaracións para os efectos, establecéndose un debate con mutuos reproches coa sra. Mourinho.

A sra. Taibo Fernández (SM) roga, con respecto do proceso de estabilización, que se resolvan os recursos de reposición presentados, se efectúe a revisión de oficio das bases de estabilización para corrixir os moitos erros advertidos e darlle a tramitación oportuna ao dito proceso de selección, que di que se atopa en parálise. Contesta a presidenta, sra. Nogareda Marzoa (na).

A sra. Pardo Fafián (PSOE), concelleira delegada de Facenda Contratación e Seguridade Cidadá, fai os seguintes rogos:

1º.- Logo de expresar os seus agradecementos, roga que por quen corresponda cando chegue o momento da súa próxima xubilación se realice un acto de homenaxe a un axente da Policía Local de Sada polos seus 38 anos de servizo.

2º.- Logo de se referir á súa intervención no punto 3º desta sesión, roga que se traia canto antes, dentro deste mandato, a documentación da RPT para a súa aprobación, logo da pertinente negociación cos sindicatos.

3º.- Logo de anunciar a súa retirada da vida política local, efectuar unha valoración e expresar agradecementos, roga aos membros da Corporación presente e do futuro que separen o persoal do político, que traballen por e para Sada e faciliten o labor da oposición, que tamén traballa para Sada.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 27 minutos do día xoves 27 de abril do 2023, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado da alcaldesa María Nogareda Marzoa, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).